

Aviso en relación ás prácticas para estudantes que realicen mobilidades Erasmus SMS no curso 2023/24

Desde a EASD Mestre Mateo somos conscientes da casuística que se atopa o alumnado adxudicatario das bolsas Erasmus SMS ao reincorporarse á Escola no 2º cuatrimestre, xa que non sempre coincide o calendario dos centros de acollida co noso.

Por este motivo, ofrécense diferentes opcións para a realización das Prácticas Externas segundo a casuística concreta do calendario do centro de acollida:

1. Alumnado que finaliza a súa estadía Erasmus antes do día 1 de marzo. Realizará as súas prácticas con normalidade, segundo o calendario xenérico de empresas.
2. Alumnado que finaliza a súa estadía Erasmus logo do día 1 de marzo. Terá catro opcións:
 - a) Renunciar tanto ás prácticas externas como ao Traballo Fin de Estudos e deixalo para o curso seguinte, por causa de participar nunha mobilidade Erasmus SMS durante o primeiro semestre, e matricularse novamente nestas disciplinas no curso 2024/25.
 - b) Solicitar bolsa de prácticas SMT cando saia a convocatoria SMT 2023/24, seguindo o procedemento indicado na propia convocatoria. Nota aclaratoria: Non hai límite de prazas, sempre que os gastos corran a conta do alumnado (beca cero). A beca económica só se percibirá de resultar adxudicatario da mesma en base ás bases da convocatoria pertinente.
 - c) Presentar conxuntamente e en prazo os seguintes documentos na secretaría do centro:
 1. Renuncia á matrícula das Prácticas Externas por causa de participar nunha mobilidade Erasmus SMS durante o primeiro semestre, e matricularse novamente nestas disciplinas no curso 2024/25.
 2. Expoño-solicito solicitando permiso especial á xefatura de estudos para a realización do Traballo Fin de Estudos no curso 2023/24, por non ter podido realizar as Prácticas Externas en tempo, a falta de 18 créditos ECTS para completar o currículo.
 - d) Solicitar prácticas extracurriculares, seguindo o procedemento indicado na convocatoria de prácticas extracurriculares 2023/24, e tendo en conta que será o estudante o responsable de buscar a empresa, e que durante o período de prácticas extracurriculares deberá estar debidamente asegurado pola empresa.

NOTA IMPORTANTE: Para calquera das opcións, lémbrese que o feito de cursar unha mobilidade Erasmus non exime do cumprimento das obrigas como estudante da EASD Mestre Mateo, debendo cumprir todos os procedementos e prazos como un estudante máis.

En Santiago de Compostela, a 15 de marzo de 2023

Elisa M. ^a González Penas Vicedirectora e Coordinadora de Programas Internacionais	M. Antonio García Freire Xefe Dpto. Relación con Empresas, Estudos ou Talleres